



Concello do Grove

ACTA DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

ASUNTO: SELECCIÓN DE DOUS INFORMADORES/AS PARA A OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL. 2019

EXPTE.: 243/2019

Na Casa do Concello, o venres 19 de xullo de 2019, sendo ás 10:00 h, constitúese o Comisión de Avaliación previsto bases que rexen na convocatoria de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal de 2 informadores para a oficina de turismo, aprobadas pola XGL e asinadas o 26 de xuño de 2019; coa composición que indica a continuación,

Presidente: Javier López Mera

Secretaria: María del Carmen Meis Domínguez

Vogais: María del Carmen Vidal Pérez, Dolores Ochoa Gondar, Isabel Prieto Prol

Primeiro. Unha vez constituído o Tribunal, procédese á fixación do exercicio escrito da fase de oposición, consonte ás normas previstas nas bases, e o procedemento que garanta o anonimato dos aspirantes por medio de sobre pechado con referencia numérica.

Achégase o exame a esta acta:

“PROBA DE COÑECEMENTOS PARA O POSTO DE AUXILIAR DE TURISMO – 2019
NÚMERO:

1.- Cita dous servizos mínimos que deban prestar os municipios turísticos, segundo o art 28 da Lei de Turismo de Galicia (1 PUNTO):

2.- Enumera 10 praias do Grove (1 PUNTO):

3.- Cita o nome das Rías Baixas Galegas (1 PUNTO):

4.- Rúas do Grove (1 PUNTO).

- En que rúa se sitúa o Edificio Administrativo do Concello do Grove?
- En que rúa está a capela de San Antón?

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Concello do Grove

5.- Describe a principal festa, non relixiosa, do municipio (2 PUNTOS). “

Os criterios de corrección do exame serán a corrección na contestación as cuestións formuladas. Respecto da cuestión nº 5, considerarase correcta a descrición polos aspirantes da Festa do Marisco, con indicación das datas de celebración da mesma, e descrición dos principais aspectos relativos á organización e actividades que se inclúen no programa daquela.

Segundo. A continuación no Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 10:50 h ten lugar a proba escrita da fase de oposición, que remata ás 11:20 h. A estes efectos, previa acreditación da súa identidade comparecen á realización da proba:

- Daryl Domínguez Piñeiro
- María Corredoira Canda
- Ana Cruz Pacheco Navarro

Terceiro. Rematada á realización da proba práctica, sendo as 11:30 horas, réunese o Tribunal para a corrección dos exercicios realizados polos opositores, valorando exclusivamente a corrección das respostas, segundo os criterios fixados na reunión anterior. Segundo as bases esta proba puntuarase cun máximo de 6 puntos, sendo imprescindible acadar unha puntuación mínima de 3 puntos para superar esta proba.

Unha vez corrixidos os exercicios procédese á apertura dos sobres co nome e apelidos dos candidatos. As puntuacións obtidas polos aspirantes son as seguintes:

- Daryl Domínguez Piñeiro, 3´45
- María Corredoira Canda, 2´65 (Non apto)
- Ana Cruz Pacheco Navarro, 2´60 (Non apto)

Polo tanto, unicamente supera a proba o aspirante Daryl Domínguez Piñeiro.

Cuarto. O tribunal pasa a valorar os méritos aportados polo aspirante aprobado. Resultando un total de 2 puntos pola experiencia profesional xustificada. Consta ademais que o aspirante está en posesión do CELGA 4. Sendo o resultado final da valoración o seguinte:

- Daryl Domínguez Piñeiro, obtén un total de 5´45 puntos.



Concello do Grove

Dada conta de canto antecede, consonte ao disposto na base nº 7 a Comisión de Avaliación, **ACORDA:**

Primeiro. Propoñer a contratación temporal como informador turístico para a Oficina de Turismo do Grove a **Daryl Domínguez Piñeiro**.

Segundo. Declarar deserta unha das prazas ofertadas ao non ter superado a proba práctica ningún outro aspirante.

Terceiro. Non procede a elaboración dunha lista de suplentes ao non ter superado a proba práctica ningún outro aspirante.

Cuarto. Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web municipal.

Rematada a sesión ás 13:00 h, os membros do tribunal asinan esta acta dixitalmente, quedando incorporados ao expediente os exercicios realizados polos aspirantes.